

BASES DEFINITIVAS DA CONVOCATORIA DO I TORNEO OPEN INTERNACIONAL DE XADREZ DEPUTACIÓN DA CORUÑA

1. PARTICIPANTES.

Poderán participar no *I Torneo Open Internacional de Xadrez Deputación da Coruña* todos os xogadores que conten coa correspondente licenza deportiva vixente no ano 2022.

- Maximo 200 participantes segundo o orde de inscrición.
- Participación individual.

2. CALENDARIO DE CELEBRACIÓN.

Datas de celebración: 4 a 11 de setembro de 2022.

Local de xogo: Hotel Mariña Sada no Concello de Sada, ou pabellón municipal de deportes de Sada

3.- INSCRIPCIÓN E COMPROMISO DE PARTICIPACIÓN.

O prazo de inscrición dos xogadores participantes para tomar parte no *I Torneo Open Internacional de Xadrez Deputación da Coruña* iniciaráse ao día seguinte da publicación desta bases na páxina web da Deputación Provincial da Coruña, e remata o xoves 1 de setembro.

As inscricións realizaránse na Federación Galega de Xadrez que verificará o cumprimento por parte dos participantes dos requisitos establecidos nestas bases para a súa participación.

A inscrición será gratuita e farase no correo electrónico fegaxa@fegaxa.org ou a través do formulario da web que se creará ao efecto para o propio evento.

Información: Web dentro da FEGAXA e na Web da Deputación Provincial da Coruña e na Web do propio Torneo.

Todos os participantes polo mero feito de realizar a inscrición aceptan as presentes bases e autorizan a publicación dos seus datos persoais nos diferentes medios de comunicación que a organización considere oportunos para a necesaria difusión do evento (listaxes de resultados, clasificacións, participantes, xogos, etc)

4. DESENVOLVEMENTO E NORMATIVA DAS COMPETICIÓN.

Valedoiro para obter os estándares ELO FIDE e Normas de MI e GM.

Sistema de xogo: Suízo de 9 roldas durante 8 días

Ritmo de xogo: 1 hora e 30 minutos nun aumento de 30 segundos por xogador/a.

Horario de xogo:

1ª Sesión: 4 de setembro das 9.30h ás 14,00h e das 16.30h a 21:00h

2ª Sesión: 5 de setembro das 16:30h a 21.00h

3ª Sesión: 6 de setembro das 16.30h a 21:00h

4ª Sesión: 7 de setembro das 16.30h a 21:00h
 5ª Sesión: 8 de setembro das 16.30h a 21:00h
 6ª Sesión: 9 de setembro das 16:30h a 21:00h
 7ª Sesión: 10 de setembro das 16.30h a 21:00h
 8ª Sesión: 11 de setembro das 9.30h ás 14,00h

Cerimonia de clausura: O finalizar a derradeira partida aproximadamente as 15hs

Tempo máximo de espera: 60 minutos

Byes: Os deportistas dispoñen de **tres** byes de medio puntos salvo nas 3 últimas roldas.

Desempates Os sistemas de desempate serán publicados antes do comezo da primeira rolda na sala de xogo.

Material de xogo: Será aportado pola entidade adxudicataria da realización deste torneo.

Durante o xogo os participantes cumprirán con o protocolo Anti Sars-2 COV19, que as autoridades sanitarias teñan establecido para o momento da competición.

5.- PREMIOS.

Este torneo contará con premios en metálico e trofeos.

A Deputación destina un total de 13.050€ para o pago de premios aos participantes que se repartirán da seguinte maneira en función da clasificación obtida:

CLASIFICACIÓN	IMPORTE	TROFEO
Clasificación Xeral		
Primeiro	2.250,00 €	Trofeo
Segundo	1.500,00 €	Trofeo
Terceiro	1.200,00 €	Trofeo
Cuarto	1.000,00 €	
Quinto	900,00 €	
Sexto	800,00 €	
Sétimo	700,00 €	
Oitavo	600,00 €	
Noveno	500,00 €	
Décimo	400,00 €	
Undécimo	300,00 €	
Duodécimo	200,00 €	
Decimotercero	200,00€	
Decimocuarto	200,00€	
Decimoquinto	200,00€	
Por tramos de ELO FIDE		
De 2.000 a 2299: 1º	150,00 €	
De 2.000 a 2299: 2º	100,00 €	
De 1800 a 1999: 1º	150,00 €	
De 1800 a 1999: 2º	100,00 €	
De 1600 a 1799: 1º	150,00 €	
De 1600 a 1799: 2º	100,00 €	
De 1200 a 1599: 1º	150,00 €	
De 1200 a 1599: 2º	100,00 €	

Menos de 1.200: 1º	150,00 €	
Menos de 1.200: 2º	100,00 €	
Sen ELO FIDE: 1º	150,00 €	
Sen ELO FIDE: 2º	100,00 €	
1º Xogador Galego	150,00 €	Trofeo
1º Xogador/a local	100,00 €	Trofeo
1ª Xogadora	150,00 €	Trofeo
1º Xogador/a veterano (+60)	100,00 €	Trofeo
1º Xogador/a xuvenil (-18)	100,00€	Trofeo
Total	13.050€	

Os premios concedidos se publicarán unha vez aboados na Base Nacional de Subvencións.

Os prémios en metálico non son acumulativos, polo que aboarase o prémios mais alto.

Ademas dos prémios sinalados haberá trofeos para os tres primeiros posto das categorías Sub14, Sub 12 e Sub 10, que serán entregados os participantes.

6.- PAGOS.

A Deputación aboará os premios reseñados na base 5 directamente aos participantes, en función da clasificación obtida, á vista da certificación expedida pola Federación Galega de Xadrez na que se acrediten os resultados da proba.

Coa finalidade de percibir os premios, que se aboarán mediante transferencia bancaria, os participantes deberán entregar á entidade que resulte adjudicataria do contrato da organización e coordinación do I Torneo Open Internacional de Xadrez Deputación da Coruña a seguinte documentación:

- * Autorización para que a Deputación poda obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria, da Tesorería da Seguridade Social e da Deputación Provincial da Coruña, nas que se acredite que está ao corrente nas súas obrigas.
- * Designación da conta bancaria na que se efectuarán os abonos, conforme ao modelo normalizado que figura na páxina web www.dacoruna.gal (só no caso de non tela presentado na Deputación, ou ter sufrido variación)
- * Fotocopia do N.I.F.: do participante (só no caso de non tela presentado na Deputación, ou ter sufrido variación).
- * Enderezo de correo electrónico de notificación.

Bases aprobadas por RP nº 31975, do 14 de xullo de 2022.